



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Idioma Moderno 3: Francés	Código	613G03033	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Francés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Luís Gamallo, María Obdulia	Correo electrónico	m.luis@udc.es	
Profesorado	Luís Gamallo, María Obdulia	Correo electrónico	m.luis@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia ofrece formación teórica e práctica na descrición e uso da lingua francesa, de maneira a garantir un dominio práctico da mesma.</p> <p>Estudiaranse os principais aspectos fonéticos, gramaticais, léxicos e funcionais da lingua francesa, exercitados a través da práctica harmónica das 4 principais destrezas comunicativas (comprensión lectora e oral, produción escrita e oral).</p> <p>Unha vez cubertos os contidos da materia, o alumnado deberá conseguir consolidar as competencias do nivel A2+ (usuario básico, grao elevado do nivel plataforma), segundo o especificado no Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa.</p> <p>Estimularase a autonomía do alumnado e a súa capacidade de ser responsable no proceso de ensino-aprendizaxe.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A8	B1	
Comprender os puntos esenciais dun discurso oral cando se utiliza unha lingua clara e estándar e cando se tratan asuntos cotiás, de actualidade ou de carácter xeral, ou temas de interese persoal ou académico.	A8	B1	
Buscar información específica e comprender textos sinxelos redactados nunha lingua estándar.	A8 A15	B1 B3 B8	
Comprender a descrición de acontecementos, a expresión de sentimentos e desexos en cartas persoais	A8 A15	B1 B4 B5 B8	
Facer fronte á maioría das situacións cotiás que implicaría a estancia nun país francófono	A8	B1 B6 B8	
Participar espontaneamente (isto é, sen preparación previa) nunha conversa sobre asuntos cotiás, de actualidade ou de carácter xeral, ou sobre temas de interese persoal ou académico	A8 A15	B1 B7 B8	
Expresar de maneira sinxela mais cohesionada experiencias, desexos, opinións, proxectos... e dar razóns e explicacións sobre eles.	A8 A15	B3 B6 B8	



Referir unha historia, ou o argumento dunha película, dun libro... e expresar ao respecto reaccións persoais.	A8 A10 A15	B1 B3 B6 B8
Escribir un texto sinxelo e coherente (breves ensaios, cartas, correos electrónicos...) sobre temas de interese académico ou persoal, describindo experiencias e opinións.	A8 A15	B3 B5 B8

Contidos	
Temas	Subtemas
A. Gramática	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Adxectivos e pronomes indefinidos.</li> <li>2. Os pronomes persoais complemento directo e indirecto. Os pronomes "n", "y".</li> <li>3. Os verbos: os tempos do pasado; concordancia do participio pasado; o subxuntivo.</li> <li>4. Os pronomes relativos.</li> <li>5. Expresión da condición e da hipótese.</li> <li>6. Expresión da temporalidade: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.</li> <li>7. Expresión da causa.</li> <li>8. Expresión da finalidade.</li> </ol>
B. Obxectivos comunicativos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Expresar opinións e valoracións: aprobar, desaprobar, ofrecer opcións e consellos?</li> <li>2. Precisar, matizar, resaltar ideas.</li> <li>3. Facer peticións e dar instrucións.</li> <li>4. Presentar as causas e consecuencias de feitos aludidos.</li> <li>5. Reaccionar adecuadamente ante diversos feitos ou situacións.</li> <li>6. Saber resumir, interpretar e comentar diferentes tipos de documentos.</li> <li>7. Solicitar axuda ao-á interlocutor-a para facilitar ou confirmar a comprensión.</li> <li>8. Encher o discurso con pausas ou expresións de dúbida mentres se busca o elemento lingüístico que falta.</li> </ol>
C. Léxico	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Artes e espectáculos.</li> <li>2. O diñeiro: compras e outras actividades comerciais cotiás.</li> <li>3. As tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>4. Os servizos e os actos administrativos.</li> <li>5. Relacións humanas e sociais.</li> <li>6. Tradicións, crenzas e supersticións.</li> <li>7. Protección do medio ambiente.</li> <li>8. Globalización e interculturalidade.</li> <li>9. Ecofeminismo.</li> </ol>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A8 A10 A15 B3 B4	3	4	7
Discusión dirixida	A8 A10 A15 B3 B4 B7 B8	5	10	15
Lecturas	A8 B3 B4 B6 B7 B8	3	9	12
Proba obxectiva	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8	2	13	15
Proba oral	A8 B1 B3 B7 B8	1	6	7



Solución de problemas	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8	5	20	25
Sesión maxistral	A8 A10 A15 B3 B5 B8	7	20	27
Atención personalizada		4.5	0	4.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Primeira toma de contacto coa materia, na que se desenvolven actividades destinadas a obter información relevante sobre o alumnado e sobre as súas competencias de partida en lingua francesa, co fin de articular a docencia de xeito que se favorezan aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos e intereses do alumnado
Discusión dirixida	Nesta materia chámanse discusión dirixida as aulas e actividades relacionadas coa práctica das destrezas orais (expresión oral, comprensión oral e interacción oral). Estas actividades lévanse a cabo en grupos pequenos e están a cargo da profesora lectora. A maioría destas aulas terán lugar na aula de idiomas. <b>MOI IMPORTANTE:</b> a realización e o aproveitamento destas actividades é fundamental nesta materia, pois é nelas onde se aplican efectivamente as destrezas e os coñecementos adquiridos. Ademais das actividades que se leven a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade (exercicio de gramática, redacción, resumo, tradución?). Estas actividades teñen asignada unha porcentaxe moi importante da nota final da materia (ver apartado Avaliación).
Lecturas	Ademais da lectura de textos (literarios, de revistas, de xornais...) nesta materia entendemos por lecturas, todo o material que o alumnado deberá ler/consultar fóra da aula para a adquisición e asimilación dos contidos e para a realización das actividades da materia
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe. Permitirá avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, etc. en todas as destrezas. Esta proba obxectiva combinará distintas tipoloxías de preguntas.
Proba oral	Proba en que se avalían as competencias comunicativas do alumnado mediante unha pequena conversa ou entrevista individual. Os estudantes terán tamén que ler un texto en voz alta e improvisar situacións suxeridas polo-a profesor-a responsable da proba, que poderá usar textos ou material audiovisual como apoio durante a proba.
Solución de problemas	Exposición por parte do profesorado dos contidos relativos a cada un dos temas e subtemas, co apoio de medios audiovisuais e documentación adicional
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos relativos a cada un dos temas e subtemas, co apoio de medios audiovisuais e documentación adicional

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	A atención personalizada será unha constante nesta materia, na que prima a aplicación dos coñecementos adquiridos. O profesorado fará un seguimento particular de cada estudante, e prestará especial atención á súa adicación, ao seu interese por aprender e ao seu compromiso coa materia e co grupo. O profesorado poderá atender puntualmente e de forma individualizada aos-ás estudantes cando a actividade encomendada ou o seu desempeño así o aconsellen. Os-as estudantes poden acudir en horario de titorías e aulas ao profesorado para tratar todas as cuestións relacionadas coa materia que estimen pertinentes. Os horarios de titorías do profesorado da materia pódense consultar no taboleiro de horarios ou na páxina web da facultade.

Avaliación
------------



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	A8 A10 A15 B3 B4 B7 B8	PORCENTAXE NON REAL: LEA AS OBSERVACIÓNS. Nota das actividades relacionadas coas destrezas orais e o léxico	10
Lecturas	A8 B3 B4 B6 B7 B8	PORCENTAXE NON REAL: LEA AS OBSERVACIÓNS. Nota das actividades relacionadas coa gramática, a expresión escrita e a comprensión lectora	10
Proba obxectiva	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8	PORCENTAXE NON REAL: LEA AS OBSERVACIÓNS. Proba escrita que o-a estudante realizará nas datas oficiais marcadas polo centro ao rematar o cuadrimestre	35
Proba oral	A8 B1 B3 B7 B8	PORCENTAXE NON REAL: LEA AS OBSERVACIÓNS. Proba oral que o-a estudante realizará ao rematar o cuadrimestre.	15
Sesión maxistral	A8 A10 A15 B3 B5 B8	PORCENTAXE NON REAL: LEA AS OBSERVACIÓNS. Nota das actividades relacionadas coa gramática, a expresión escrita e a comprensión lectora	10
Solución de problemas	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8	PORCENTAXE NON REAL: LEA AS OBSERVACIÓNS. Nota das actividades relacionadas coa gramática, a expresión escrita e a comprensión lectora	10
Actividades iniciais	A8 A10 A15 B3 B4	PORCENTAXE NON REAL: LEA AS OBSERVACIÓNS. Nota das actividades relacionadas coas destrezas orais e o léxico	10

Observacións avaliación



A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de

Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: [pat.filoloxia@udc.gal](mailto:pat.filoloxia@udc.gal)).

O alumnado ten dúas oportunidades para superar a materia: a primeira ao remate do primeiro cuatrimestre e a segunda no mes de xullo.

1. Avaliación da primeira oportunidade:

1.1. Para superar a materia na primeira oportunidade é obrigatorio realizar e aprobar (5) a proba final escrita na que se avaliarán os contidos gramaticais, o léxico, a comprensión lectora, a expresión escrita e a comprensión auditiva.

A data, horario e ubicación da proba escrita deben ser contrastados polo alumnado na páxina web da facultade.

1.2. Será ademais obrigatorio realizar e aprobar (5) unha proba oral final na que se avaliarán a expresión, a comprensión e a interacción oral.

A profesora comunicará en Moodle coa suficiente antelación a data, hora, lugar, quendas e outras indicacións relativas á realización da proba oral.

1.3. É obrigatorio realizar ao longo do cuatrimestre un conxunto de exercicios ou tarefas de práctica de todas as destrezas e contidos da materia, organizados en dous bloques:

Bloque A ["Solución de problemas"]: actividades de práctica dos contidos gramaticais, do léxico, da expresión escrita e da comprensión lectora.

Bloque B ["Discusión dirixida"]: actividades de práctica da produción, comprensión e interacción oral (nestas actividades valóranse asimesmo a norma gramatical e o léxico).

Ademais das actividades presenciais que se realicen durante as aulas, normalmente por cada sesión presencial o alumnado deberá realizar unha tarefa non presencial.

Agás causa debidamente xustificada e sempre coa autorización previa e expresa da profesora, non se admitirán as actividades entregadas fóra do prazo determinado para cada unha delas.

Para que estas actividades poidan ser tidas en conta na cualificación final é preciso ter realizado e aprobado, antes dos exames escrito e oral da primeira oportunidade, o 80% das actividades programadas en cada bloque e obter unha nota media mínima de 5 sobre 10 en cada bloque.

1.4. Tendo en conta o anteriormente exposto, a cualificación final do



alumnado responderá ao seguinte reparto porcentual:

a. Un 45% valorará o exame escrito,

coas seguintes porcentaxes:

Contidos gramaticais,

léxico, expresión escrita, comprensión lectora: 35%

Comprensión auditiva: 10%

b. Un 15% valorará a proba oral.

c. Un 40% valorará as actividades de

avaliación continua organizadas en dous bloques (que deben cumprir os

requisitos do apartado 1.3), coas seguintes porcentaxes:

Bloque A: actividades de gramática, léxico, expresión

escrita e comprensión lectora: 25%

Bloque B: actividades de produción, comprensión e

interacción oral (nestas actividades valóranse asimesmo a norma gramatical e o

léxico): 15%

A materia considérase

aprobada se a suma dos apartados a, b, c é igual ou superior a 5 sobre 10.

Os contidos e destrezas

dos apartados a, b, c son recuperables, coas mesmas porcentaxes, na segunda

oportunidade de avaliación. Os apartados aprobados na primeira oportunidade

consérvanse para a segunda.

Para as implicacións da

realización fraudulenta ou irregular das probas escritas e orais e das

actividades, ver apartado 6.

2. Avaliación da segunda oportunidade:

2.1. De suspender a materia na primeira oportunidade

por non acadar a puntuación mínima na proba escrita e/ou na proba

oral, o alumnado deberá facela(s) de novo na segunda oportunidade.

A data, horario e

ubicación da proba escrita deben ser contrastados polo alumnado na páxina web

da facultade.

A data, lugar, hora e

outras indicacións para a realización do exame oral da segunda oportunidade

comunicaranse en Moodle coa suficiente antelación.

2.2. De suspender a materia na primeira oportunidade

por non acadar a puntuación mínima nas actividades dos bloques A e/ou B,

o alumnado deberá realizar para a segunda oportunidade unha serie de tarefas

sustitutivas.

A profesora fará públicas

en Moodle coa suficiente antelación as instrucións correspondentes (actividades

asignadas, datas de solicitude e entrega...).

Para as implicacións da

realización fraudulenta ou irregular das probas escritas e orais e das

actividades, ver apartado 6.

3. Na convocatoria extraordinaria de decembro

o alumnado será avaliado dos seus coñecementos e competencias nas distintas

destrezas da materia mediante unha proba escrita (nota mínima 5 sobre 10; 70%

da nota final) e unha proba oral (nota mínima 5 sobre 10; 30% da nota final).

Para as implicacións da

realización fraudulenta ou irregular da proba escrita ou oral, ver apartado 6.



4. En cada oportunidade de avaliación o alumnado recibirá a cualificación NP de se dar simultaneamente estas dúas situacións: non terse presentado a ningunha das probas de avaliación (escrita e oral) e se o número de actividades presentadas for igual ou inferior ao 25% das programadas.

5. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial con dispensa académica, previa comunicación e acreditación documental de dita situación á profesora, pode, sen asistir ás aulas, realizar e entregar as actividades de avaliación continua programadas para a primeira oportunidade, segundo o disposto no apartado 1.3. As actividades presenciais serán substituídas por outras non presenciais equivalentes. Seranlle de aplicación as demais metodoloxías avaliáveis (proba escrita e oral) cos mesmos requisitos e características que para o resto do alumnado.

Para a avaliación da segunda oportunidade, aplicaráselle o disposto no apartado 2.

6. Os traballos académicos (entendendo por tal todo o material que o alumnado presente para ser obxecto de avaliación) deberán ser de elaboración individual (agás indicación expresa da profesora) e persoal. A realización fraudulenta ou irregular das probas e/ou de calquera das actividades de avaliación continua implicará automaticamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidándose as cualificacións obtidas nas distintas metodoloxías avaliáveis.

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

7. Nos casos non contemplados anteriormente aplicarase o disposto nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" da UDC.

Segundo as distintas normativas que regulan as ensinanzas universitarias, cómpre incorporar a perspectiva de xénero nesta materia. Isto inclúe, entre outras medidas, o uso dunha linguaxe non sexista, bibliografías inclusivas desde a perspectiva de xénero e o fomento da participación de todo o alumnado na clase, independentemente do seu xénero. Prestaremos especial atención en identificar e abordar os prexuizos e as actitudes sexistas. Traballaremos activamente para cambiar este entorno e promover valores de respecto e igualdade. Os nosos esforzos centraranse na detección de casos de discriminación de xénero e na posta en marcha das accións oportunas para corrixir estes casos.







? Recomendáselle ao alumnado que lea atentamente esta guía docente: nos seus diferentes apartados atopará resposta a moitas preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso. Non dubide en acudir ao profesorado para aclarar calquera cuestión ao respecto.

Debe prestar especial atención aos seguintes aspectos:

? Realice puntualmente as actividades encomendadas. Os retrasos acumulados prexudican a evolución da súa aprendizaxe e o desenvolvemento progresivo de competencias, e fan que o seu aproveitamento sexa progresivamente menor; ademais, lembre que, agás causa xustificada, e sempre co acordo expreso do profesorado, non se permite a entrega de actividades fóra do prazo establecido.

? Procure observarse a si mesmo e autoavaliarse, tomando conciencia das súas carencias e dos seus avances.

? As súas exposicións ou intervencións escritas e orais deben ser adecuadas ao nivel de estudos no que se atopa e á actividade que está a desenvolver.

(\* )A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías